

# SAUDO DA COMISION

*Un ano máis CELA atópase en festas. Como é costume desde fai moitos anos non podía faltar a celebración da festa da XUVENTUDE.*

*A comisión quere agradecer os veciños a súa colaboración tanto con donativos como asistindo os distintos bailes celebrados no recinto de festas, que foron novidade este ano con motivo de recaudación para a festa.*

*Queremos agradecer tamén a colaboración a xente que non sendo da parroquia colabora comprando rifas, ou con donativos.*

*Especial mención queremos facer da importancia cada vez maior das aportacións de grande cantidade de firmas comerciais, a través da publicidade que expoñen nos nosos carteles e folletos, vaia para eles o noso especial agradecemento.*

*A comisión de festas da Xuventude deséxalles a todos moi felices festas, esperando que estas sirvan para o deleite tanto de propios da terra, como dos forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quen queira vir.*

*Boas festas.*

*A Comisión.*